



**XUNTA
DE GALICIA**

**INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
SANTA IRENE**

986 233 799 / 986 231 162
ies.santairene@edu.xunta.gal
Praza de América, 7
36211-VIGO

PROGRAMACION DEPARTAMENTO

DE ORIENTACIÓN

IES SANTA IRENE

CURSO 2022/23



INDICE

1. INTRODUCCIÓN

PRINCIPIOS BÁSICOS DO MODELO DE ORIENTACIÓN
MARCO LEXISLATIVO

2. CONTEXTO EDUCATIVO

- NIVEIS EDUCATIVOS
- RECURSOS HUMANOS
- UBICACIÓN DOS SERVICIOS DE ORIENTACIÓN

3. OBXECTIVOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

4. PROGRAMAS DE ORIENTACIÓN

I. PLAN DE APOIO AOS PROCESOS DA APRENDIZAXE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Programación de Pedagogía Terapéutica

II. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

III. PROGRAMA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL



1. INTRODUCCIÓN

PRINCIPIOS BÁSICOS DO MODELO DE ORIENTACIÓN

Seguindo os principios teóricos da LOGSE, o programa de orientación debe atoparse integrado no programa educativo xeral do Centro, como elemento central, no periférico ó proceso de Ensinanza-Aprendizaxe, xa que propón como principio educativo "a atención psicopedagóxica individualizada dos problemas da aprendizaxe e a orientación educativa" (Título preliminar. Artigo 2); e da LOMLOE, "a orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores" (Título preliminar. Artigo 1. Principios).

A orientación como actividade educativa situase dentro da función docente, como unha actividade curricular e parte da actividade orientadora do profesorado, "a titoría e orientación do alumnado formará parte da función docente" (artigo 60).

Ten que ser evolutivo, basease nas teorías do desenvolvemento humano para axudar ao alumnado na súa etapa evolutiva e tarefas de desenvolvemento educativo, persoal, social e de carreira. Non debe esquecer a comprensibilidade máis alá da simple igualdade, atendendo as diferencias e peculiaridades individuais, equitativo, en suma atendendo á diversidade.

O programa de orientación adquirirá pleno desenvolvemento si responde aos intereses, motivacións e necesidades dos consumidores a quen vai destinado. Para unha maior eficacia terá que seguir os seguintes principios (Vidal Manjón, 1992):

PLANIFICACIÓN:

Os programas (obxectivos, contidos e actividades) serán claramente definidos conceptual e operativamente. As responsabilidades dos diferentes axentes que participan no programa teñen que estar claramente delimitadas. Os compromisos e acordos existentes terán que estar explicitados.

PREVENCIÓN:

Tendo en conta as variables curriculares (deseño, metodoloxía, obxectivos...) e sociais (ambiente familiar, actitudes das familias, hábitos...) que actúan negativamente sobre a poboación escolar, diminuíndo a incidencia e optimización das aprendizaxes.

Así, a orientación deberá:

- partir dunhas necesidades reais
- dirixirse a unha poboación escolar concreta e non a individuos
- responder a unha planificación
- ser unha tarefa compartida (profesores, familias, orientador...)

SISTEMATIZACIÓN:

Considerando o alumnado non de forma individual e illada, sino como parte integrante dun sistema no que inciden multitude de variables relacionadas entre si e que teremos que ter en conta. Deberemos pois, realizar unha análise dos contextos para dar a resposta máis adecuada ás necesidades detectadas.



CURRICULARIDAD:

O currículo recollerá de forma explícita a orientación e a intervención psicopedagóxica e será noso eixe de referencia para as respostas educativas que a orientación propoña.

COOPERACIÓN:

A orientación e intervención psicopedagóxica deberá ser una labor conxunta entre os implicados, non é unha tarefa exclusiva do orientador. O profesorado, as familias, o alumnado... teñen un papel activo; definindo obxectivos comúns para cada intervención, explicando acordos, compromisos e niveis de colaboración; e realizando avaliación conxunta dos resultados da intervención.

INTERVENCIÓN SOCIAL

Non só comprenderá ao alumnado, senón que terá tamén como destinatarios ás familias ou titores legais, profesorado e medio. Non debemos esquecer que somos axentes sociais cun importante peso cara a transformar o entorno.

DESENVOLVEMENTO PERSOAL

Trátase de acadar o desenvolvemento integral do alumnado a todos os niveis: afectivo, cognitivo, académico, social... Este é o noso fin principal. Deste xeito enténdese a orientación como unha labor de todo o equipo docente, e por extensión de toda a comunidade educativa, sendo o orientador un dinamizador do proceso, cas aportacións do modelo de consulta colaborativa (Bisquerra, 1998).

IGUALDADE

Todos somos iguais pero diferentes e únicos, e temos dereito o respecto das nosas diferencias e as mesmas oportunidades.

MARCO LEXISLATIVO

Normativa vixente:

Para elaborar esta programación basearémonos na lexislación ata o momento vixente para as etapas da ESO e Bacharelato, atopándonos nun momento de transitoria no que os cursos impares para este curso escolar aplican os novos decretos curriculares que emanan da LOMLOE mentras que os cursos pares rexímonos aínda pola derogada LOMCE segundo o calendario de implantación da LOMLOE.

CURSO 2022/23	ESO	Bacharelato
Cursos Impares LOMLOE	DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da ESO	DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato
Cursos pares LOMCE	DECRETO 86/2015	DECRETO 86/2015



- RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23
- ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia
- [Orde do 20 de marzo de 2018](#) pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- [Resolución do 18 de xullo de 2022](#), da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas básicas de educación para persoas adultas, bacharelato para persoas adultas e ensinanzas non regradas no curso académico 2022-2023.
- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato. (Deroga o punto 11 da Orde de 22 de xullo de 1997 e a Orde do 22 de abril de 2010)

Normativa específica pola que se desenvolve a orientación:

- ⌘ Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galiza
- ⌘ Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galiza.
- ⌘ LEI 4/2011, do 30 de xuño, de Convivencia e participación da comunidade educativa (DOG, 15/07/2011).
- ⌘ Decreto 229/2011, do 7 de decembro pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG,21/12/2011).
- ⌘ DECRETO 8/2015, de 8 de enero, por el que se desarrolla la Ley 4/2011, de 30 d junio, de convivencia y participación de la comunidad educativa en materia de convivencia escolar.

Seguimiento e aplicación dos seguintes protocolos

- ⌘ Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso
- ⌘ Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia
- ⌘ Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario
- ⌘ I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- ⌘ Protocolo de identidade de xénero.
- ⌘ Protocolo de Protección de datos.
- ⌘ Orientacións sobre Plan de Convivencia.
- ⌘ Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020. Informe de diagnose.
- ⌘ Protocolo de Urgencias Sanitarias.



- ⌘ Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe
- ⌘ Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva
- ⌘ Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais
- ⌘ Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual
- ⌘ Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo
- ⌘ Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero no ámbito educativo
- ⌘ Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil

2. CONTEXTO EDUCATIVO

O IES Santa Irene de Vigo está localizado na praza de América, no centro da cidade. O alumnado pertence a familias de clase media, cunha importante poboación inmigrante primordialmente latinoamericana. Destacamos que en 1o de Bacharelato incorpórase alumnado novo de diferentes centros educativos tanto privados como públicos.

O alumnado procede primordialmente dos centros de Canicouva e Pintor Laxeiro, sendo importante reunirse cos orientadores o final do curso para recoller información do alumnado que se incorporará ao noso instituto, e unha vez cada trimestre.

Os niveis educativos que se imparten son os seguintes:

1º ESO - 2º ESO – 3º ESO – 4º ESO (tres liñas por curso)

Educación Secundaria para persoas adultas

1º Bacharelato Réxime Ordinario (5 liñas por curso)

✓ Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais

2º Bacharelato Réxime Ordinario (5 liñas por curso)

✓ Ciencias - Humanidades e Ciencias Sociais

1º Bacharelato Réxime de Persoas Adultas

✓ Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais

2º Bacharelato Réxime de Persoas Adultas

✓ Ciencias - Humanidades e Ciencias Sociais

Para este curso escolar o IES Santa Irene participa na convocatorias anuais que se presentan dende os Contrato-Programa nas seguintes modalidades: IGUALA-T; CONVIVE-T; INCLUE-T; EMOCIONA-T; RECUPERA-T (ARCO)



Recursos Humanos

Os compoñentes do departamento de Orientación neste curso escolar son:

- ⌘ Maria Dolores Mozas Estévez, Orientadora educativa, Xefa do Departamento
- ⌘ Especialista en Pedagogía Terapéutica: Montserrat Iglesias López
- ⌘ Profesor Ámbito Lingüístico: Ma Dolores Méndez Pérez
- ⌘ Profesor Ámbito Científico: Federico Bertólez Ruíz

A reunión de departamento será os martes no segundo recreo. Ademais levaranse a cabo reunións de titores por ciclos 1o, 2o, 3o e 4o da ESO, unha sesión ó mes, para seguimento académico e de actividades do PAT, así como das necesidades o problemática que presenten os grupos e o alumnado en cada caso.

Localización dos Servicios de Orientación

Departamento de Orientación: Planta Baixa

Aula na segunda planta, para impartir ACIs, apoios e reforzos; independentemente do traballo que se faga de apoio na aula ordinaria.

3. OBXECTIVOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Os principios básicos que rexen as nosas actuacións na atención á diversidade son: INCLUSIÓN, NORMALIZACIÓN e SECTORIZACIÓN. Consideramos que nas nosas actuacións deben priorizar a prevención antes que a intervención, e como consecuencia temos as seguintes:

- Aceptar a diversidade de todo o alumnado do centro por súas características persoais, familiares, sociais e culturais e a interacción de estas co contexto educativo.
- Asumir que o alumnado accede ao currículo de forma diversa, con ritmos e resultados diferentes.
- Atender as necesidades do alumnado cuanto máis pronto mellor: tratar os problemas nos primeiros momentos, é dicir, nada máis detectalos e priorizar os primeiros cursos á hora de planificar calquera tipo de programa.
- Asumir que a resposta á diversidade é responsabilidade de todo o profesorado.
- A profesora de pedagogía terapéutica atenderá ao alumnado coas necesidades educativas mais específicas.
- Coñecer as diferentes vías e medidas de resposta á diversidade que contempla a lei.
- Asumir que só cunha actitude positiva á diversidade do alumnado, poderemos dar resposta adecuada á diversidade.
- Ratio: é imprescindible racionalizar as ratios para acadar os nosos obxectivos. Por iso debemos ter en conta: número de alumnos por centro, número de alumnos por aula, alumnos de cada patoloxía por aula, alumnos de determinada diversidade por centro educativo, alumnos por EOE.
- A elaboración do Plan Xeral de Atención á Diversidade non só depende do Departamento de Orientación é un proxecto que lévase a cabo coa colaboración do equipo directivo, implicando e implantando as súas actuacións a nivel organizativo de todo o centro: horarios, espazos e distribución do alumnado...



Temos en conta que á atención a diversidade é tarefa de toda a comunidade educativa cos apoios e asesoramento preciso e posible e que transcende á propia sociedade: os Departamentos de Orientación da zona, e as distintas concellerías, principalmente Asuntos Sociais e cada vez mais, a Sanidade (saúde mental infanto xuvenil) e Xustiza (servicio de menores).

OBXECTIVOS

Os obxectivos do apoio ao proceso de ensino/aprendizaxe son os seguintes:

- ⌘ Asesorar á Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) nos aspectos didácticos da elaboración dos proxectos curriculares segundo os novos Decretos das ensinanzas da ESO e Bacharelato da normativa LOMLOE (Perfis de saída)
- ⌘ Asesorar aos Departamentos Didácticos nos aspectos psicopedagóxicos das programacións didácticas.
- ⌘ Dar propostas á CCP para elaborar, aplicar e avaliar os proxectos curriculares segundo os novos Decretos das ensinanzas da ESO e Bacharelato da normativa LOMLOE (Perfis de saída)
- ⌘ Dar propostas de medidas específicas para a atención á diversidade e elevalas á CCP para a súa posterior inclusión nas Concrecións Curriculares de Etapa.

Entre estas medidas temos:

- ⌘ Elaborar criterios e procedementos para realizar adaptacións curriculares individuais.
- ⌘ Elaborar propostas para realizar os reforzos educativos e os agrupamentos flexibles.
- ⌘ Realizar a avaliación psicopedagóxica de aqueles/as alumnos/as que presenten dificultades de aprendizaxe ou alumnos/as con necesidades educativas especiais.
- ⌘ Asinar as solicitudes de becas para alumnado con necesidade de apoio específico, sempre que cumpran co perfil que determina o Ministerio o a Consellería
- ⌘ Dotar ao DO de material axeitado para poder dar resposta ás necesidades do alumnado e do centro.
- ⌘ Organizar os grupos de apoio en 1o da ESO a partires da información obtida polos titores de 6o de EP e o seu orientador e da avaliación inicial.
- ⌘ Crear desdobres para facilitar ás aprendizaxes e mellorar a atención á diversidade.
- ⌘ Crear agrupamentos específicos en 1o e 2o de ESO para reforzar as áreas instrumentais (lingua galega, lingua castelá e matemáticas) e apoio noutras (Bioloxía e Xeoloxía, Xeografía e Historia e Física e química).
- ⌘ Formar grupos de apoio para o alumnado exentos de Francés en 1o e 2o de ESO (en 1o en Lingua Castelá e en 2o en Lingua Galega).
- ⌘ Apoiar ao profesorado na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Para acadar os obxectivos que pretende este departamento, a nosa programación artéllase dende as actuacións dos tres niveis da orientación, que levaranse a cabo cos seguintes programas:

- Plan de Apoio ao proceso de ensino aprendizaxe
- Atención á diversidade (necesidades educativas)
- Plan de Acción Titorial
- Programa de Orientación Académico e profesional - Inserción ao mundo laboral.



4. METODOLOXÍA

- Todas as semanas a xefa do DO reunirase coa xefatura de estudos para tratar os temas prioritarios do momento.
- A través dos/as titores/as o DO colaborará e asesorará aos Departamentos Didácticos.
- A xefa do DO asesorará aos titores nas entrevistas que manteña coas familias do alumnado que presente dificultades, e tamén coas profesoras de PT nos casos que lles impartan apoio.
- A xefa do DO asesorará, nos temas pedagóxicos á CCP, nas reunións oportunas
- O apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe levarano de forma preferente os propios profesores da área na que os alumnos necesiten reforzo co asesoramento do DO.
- O apoio por parte dos especialistas en pedagogía terapéutica aplicaranse seguindo o establecido na Orde do 8 de setembro do 2021 que desenvolve o Decreto que regula a Atención a Diversidade en Galicia:

“A intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e do especialista en Audición e Linguaxe débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo”.

Nos cursos de 1o e 2o de ESO, como criterio preventivo, nesta orde de preferencia:

- *Alumnado con AC que presentan necesidades educativas especiais por presentar deficiencias físicas, psíquicas, ou de acceso a comunicación
- *Alumnado que precisan reforzo nas áreas instrumentais.

- O apoio aplicado polo profesorado de PT impartirase na aula ordinaria e na aula de apoio indistintamente, atendendo á dispoñibilidade do profesorado, ás características do alumnado e a flexibilidade horaria.
- O reforzo educativo na aula de apoio aplicarase preferentemente nas áreas instrumentais de linguas e matemáticas, coincidindo ditas saídas coas áreas que se especifican no horario ordinario.
- Todo grupo de apoio educativo terá carácter flexible, có fin de garantir o seu rendemento, e en detrimento doutros compañeiros que precisen desta atención individualizada.
- Así mesmo, o reforzo educativo será impartido polos profesores da área para normalizar o proceso de aprendizaxe nos ACNEE.

5. ACTIVIDADES

PRIMEIRO TRIMESTRE:

- Analizar as necesidades do Centro e contextualizalo no seu entorno.
- Facilitar o tránsito do alumnado dos centros adscritos ao Instituto.
- Revisar os expedientes do alumnado novos que comezan a ESO.
- Solicitar información sobre estes novos alumnos ao colexio adscrito canalizando a información mediante o orientador dos CEIP Canicouva e Pintor Laxeiro.
- Contactar co Equipo de Orientación Específico da zona para os casos que sexa necesario.
- Ter unha visión global do grupo mediante a aplicación ao alumnado de probas psicopedagóxicas (TEA- 2 e BADYG– M...). Esta información será confidencial e orientativa para tomar as medidas necesarias de reforzo, modificación de programación na aula, metodoloxía...



- Realizar a avaliación psicopedagóxica individual (Raven, Factor G, Evalua...) ó alumnado con NEE que necesiten axudas extraordinarias para ter acceso o currículo, mediante o análise de:
 - * Contexto educativo do alumno/a. Historia escolar
 - * Contexto socio-familiar
 - * Desenvolvemento xeral: persoal, social...
 - * Capacidades
 - * Características da aprendizaxe: estilo, competencia curricular, motivación...
- Estudiar aqueles casos que veñen ao centro con reforzo educativo, apoio ou adaptación curricular, e revisar as súas necesidades educativas co fin de propoñer unha resposta axeitada á diversidade.
- Analizar as demandas do profesorado referidas ao alumnado con problemas de aprendizaxe ou de calquera outra índole, seguindo os resultados da avaliación inicial e valorando:
 - * Nivel de competencia curricular: coñecementos previos cos que acceden os/as alumnos/as nas diversas áreas do Currículo coa referencia dos criterios de avaliación en cada área ou ciclo anterior.
 - * Nivel de dominio das técnicas instrumentais básicas: lectura, cálculo (automatismos) e solución de problemas.
 - * Hábitos e técnicas de estudo, e dominio das técnicas de traballo intelectual.
- Analizar cos Departamentos Didácticos o que teñen feito respecto os seus proxectos curriculares e a atención á diversidade, e proporcionar as oportunas orientacións á CCP para a súa elaboración.
- No asesoramento á CCP en canto os seus proxectos curriculares, neste trimestre elaboraranse propostas de medidas específicas á diversidade de carácter extraordinario: criterios e procedementos para realizar adaptacións curriculares individualizadas.

Atendendo á adecuación dos obxectivos xerais.

- ⌘ Secuenciación e organización dos contidos.
- ⌘ Criterios e procedementos para a avaliación das aprendizaxes.
- ⌘ Decisións sobre a metodoloxía didáctica.
- ⌘ Materiais e recursos didácticos.
- ⌘ Incorporación dos temas transversais.
- ⌘ Dotar ó DO de material e recursos necesarios para levar a cabo a avaliación psicopedagóxica daquel alumnado que a precise.
- ⌘ Colaborar co profesorado, e principalmente cos titores na detección, diagnóstico e prevención dos problemas de aprendizaxe.
- ⌘ Iniciar a avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidades educativas especiais e alumnado estranxeiro.
- ⌘ Traballar, en colaboración cos titores, estratexias que faciliten a aprendizaxe do alumnado.
- ⌘ Asesorar ao profesorado sobre medidas específicas de atención á diversidade, tanto de carácter ordinario como extraordinario.



SEGUNDO TRIMESTRE:

- Continuar coa avaliación psicopedagóxica do alumnado que o precise.
- Revisar a efectividade das medidas de atención á diversidade para o alumnado con algúns problemas de aprendizaxe, se non son efectivas propoñer outras.
- Facer seguimento do alumnado con Adaptación Curricular e asesorar e apoiar ao profesorado na atención das necesidades educativas especiais do alumnado, mediante o apoio individual, a pequeno grupo o atención ao grupo- clase.
- Asesorar á CCP sobre a metodoloxía a seguir nas programacións, os criterios para organización dos grupos nos distintos niveis para que contemplan a diversidade e a heteroxeneidade do alumnado.

TERCEIRO TRIMESTRE:

- Na CCP avaliación á adecuación das programacións da aula aos seus proxectos curriculares e á metodoloxía seguida. Estableceranse criterios e procedementos de promoción no Proxecto Curricular, determinarase a optatividade e avaliarase o proceso de ensinanza seguido.
- Elaboración da proposta de alumnado proposto para Formación Profesional Básica para o vindeiro curso.
- Análise dos resultados obtidos polo alumnado que seguen un programa de adaptación curricular ou que se lles aplicou reforzo educativo. Facer propostas de mellora naqueles casos en que non se consigan acadar os obxectivos previstos.
- Propoñer estratexias metodolóxicas e procedimentais en xeral para acadar os resultados esperados.

Durante todo o curso cas familias o/e titores legais:

- ⌘ Favorecer a relación e colaboración co centro.
- ⌘ Orientar sobre as dificultades de aprendizaxe e persoais.
- ⌘ Fomentar a participación no proceso de ensinanza- aprendizaxe dos seus fillos, implicándolles nas actividades de reforzo e apoio.

6. AVALIACIÓN

Avaliaranse os obxectivos previamente programados e faranse propostas de mellora para o vindeiro curso.

A avaliación farase polo xefe de estudos coa colaboración de todos os membros do Departamento de Orientación e a Comisión de Coordinación Pedagóxica. A Comisión de Coordinación Pedagóxica elaborará os criterios para a avaliación do plan de apoio ao proceso de ensino/aprendizaxe. Seguindo os criterios da CCP o xefe de estudos co DO analizarán se acadaron ou non os obxectivos previstos, as dificultades que foron xurdindo e comprobarán se os resultados foron positivos.

Importante:

Non podemos esquecer a necesidade de comunicación, coordinación e colaboración cos servizos sanitarios, sociais, xurídicos e do concello; para implementar programas e atender mellor as necesidades do noso alumnado.



3. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

3, 1. INTRODUCCIÓN

Unha das dificultades coas que nos atopamos no Centro é a de facer fronte o alto porcentaxe de alumnado que accede cun baixo nivel de adquisición en “habilidades instrumentais básicas: linguaxe, cálculo e razoamento”.

Desde o Departamento de Orientación entendemos a atención á diversidade como un conxunto de medidas e accións deseñadas para axustar a resposta educativa ás diferentes características, capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe; motivacións e intereses; situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Seguimos os principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidade e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e boa convivencia e participación de toda a comunidade educativa.

O alumnado con dificultades de aprendizaxe é aquel que presenta problemas para acadar os obxectivos do currículo o longo da súa escolarización e que demandan unha atención específica e maiores recursos educativos dos necesarios en relación co alumnado da súa idade.

Estes problemas de aprendizaxe poden obedecer a causas internas, a dificultades o carencias no entorno socio-familiar, o por unha historia de aprendizaxe desaxustada, e poden ser permanentes o transitorias.

O Departamento de Orientación podería ofrecer unha mellor atención ao alumnado con necesidades educativas xa que precisamos doutra profesora de Pedagogía Terapéutica. Cunha profesora PT máis poderíamos dar apoio co profesorado das materias na aula do alumnado con AC por presentar necesidades educativas especiais, e excepcionalmente alumnado con NEAE.

Neste curso escolar contamos con alumnado con necesidades educativas especiais por presentar Trastorno do Especto Autista en varios cursos e 2 de nova incorporación no 1º curso da ESO que supón a posta en práctica do pertinente protocolo de atención educativa. Temos un número notable de alumnado con TDAH, con Trastorno Grave da Conduta; alumnado de procedencia estraxenira, 2 alumnos/as con Altas Capacidades e certo alumnado que presenta un algo grao de absentismo escolar en seguemento polo RAOGAL xa dende o ano pasado.

3, 2. OBXECTIVOS

3, 2.1 Obxectivos xerais

- Aceptar a diversidade de todo o alumnado do centro por as súas características persoais, familiares, sociais e culturais así como a súa interacción co contexto educativo.
- Aceptar que o alumnado accede ao currículo de forma diversa, con ritmos e resultados diferentes.
- Asumir que a resposta á diversidade é responsabilidade de todo o profesorado, cos apoios e asesoramento preciso e posible.
- Coñecer as diferentes vías e medidas de resposta á diversidade que contempla a LOMLOE/LOMCE
- Asumir que só cunha actitude positiva ante a diversidade do alumnado, podemos dar resposta adecuada á diversidade.



3, 2.2 Obxectivos específicos

- Coñecer a situación de partida do alumnado en habilidades instrumentais básicas e estratexias de aprendizaxe autónomo e coñecementos previos nas diferentes áreas curriculares.
- Identificar aos alumnos/as que presentan Necesidades específicas de Apoio Educativo e/ou Necesidades Educativas Especias asociadas a discapacidade e/o dificultades específicas de aprendizaxe, mediante a avaliación psicopedagóxica.
- Decidir as adaptacións que deben introducirse nas programacións de aula ordinaria para atender de maneira o máis normalizada posible ás necesidades educativas detectadas.
- Articular un sistema de reforzo pedagóxico integrado na organización ordinaria do ciclo.

3,3. INTERVENCIONS

3, 3.1. Co profesorado:

- Asesorar sobre criterios metodolóxicos como medidas de prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Orientar sobre formas de intervir co alumnado de baixo rendemento.
- Asesorar sobre a decisión, realización, seguimento e avaliación das diferentes vías o medidas de atención a diversidade contempladas no sistema educativo, e recollidas na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, pola que se regula a Atención a Diversidade en Galicia.

Medidas Ordinarias de Atención Diversidade: non implican cambios non elementos significativos do currículo e están dirixidos para todo o alumnado que o precise.

Medidas ordinarias de Ciclo: implican ao equipo docente e á Xefatura de Estudos. Un exemplo serían os agrupamentos.

Medidas internas de área: son as que cada profesor especialista adopta no contexto da súa programación particular e grupo. Incluiría programas de recuperación para o alumnado con materias pendentes.

Medidas titoriais: integradas no marco do Plan de Acción Titorial (PAT). Organización e planificación do estudo e técnicas de aproveitamento.

Medidas de reforzo pedagóxico: as que fan referencia ao reforzo complementario que pódese facer en cada materia, así como ás medidas centradas nas habilidades instrumentais básicas.

O alumnado exento de Lingua Francesa recibe apoio en Lingua Castelá en 1o de ESO e Lingua Galega en 2o de ESO.

Medidas Extraordinarias da Atención a Diversidade: implican cambios significativos nos elementos principais do currículo (competencias, obxectivos, contidos e criterios da avaliación) e se aplicarán unha vez esgotadas as medidas ordinarias e non ser suficientes para atender as necesidades educativas.



Agrupamentos Flexibles. Para o alumnado con materias pendentes o dificultades importantes nas materias de Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas.

Adaptación curricular: responde a un tratamento específico destinado ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo. No noso IES o alumnado que presenta NEE son moi acusadas o extensas, e que precisan unha máxima individualización didáctica, sendo necesario adaptar o currículo ordinario. Esta medida esixe profundizar na avaliación inicial, “psicopedagóxica” e individual, previsión de horarios para reunións...

No presente curso académico 2022/2023 contamos con alumnado con AC de 1º e 2º da ESO.

3.2. Co alumnado:

- ⌘ Prevención, detección e tratamento das dificultades de aprendizaxe.
- ⌘ Participación na avaliación inicial do alumnado realizada ao grupo-clase, valorando:
 - * Nivel de competencia curricular, coñecementos previos cos que accede o alumnado as diversas áreas do Currículo, tendo como referencia os criterios de avaliación de cada área o ciclo anterior.
 - * Nivel de dominio das técnicas instrumentais básicas de lectura, cálculo (automatismos) e solución de problemas.
 - * Hábitos e técnicas de estudo e dominio de técnicas de traballo intelectual.
- ⌘ Recollida de datos nos colexios de Primaria mediante una ficha individual cuberta polos mestres-titores onde se reflexan datos sobre: comportamento, interese e motivación, método e hábito de estudo, capacidade de relación, contactos familiares, condicionantes familia- escola, grado de consecución dos obxectivos de primeiro ciclo, áreas con dificultades e, si é o caso, medidas de reforzo ou outras medidas de apoio recibidas.
- ⌘ Ter unha visión global do grupo mediante a aplicación á totalidade do alumnado de probas psicopedagóxicas (TEA-2 y BADYG-M). Esta información será confidencial e orientativa para tomar as medidas necesarias de reforzo, modificación de programación na aula, metodoloxía...
- ⌘ Realizar a avaliación psicopedagóxica individual aos alumnos con NEAE que necesiten recursos/ axudas extraordinarias para ter acceso ao currículo, mediante a análise de:
 - * Contexto educativo do alumno/a: Historia escolar
 - * Contexto socio-familiar
 - * Desenvolvemento xeral: persoal, social...
 - * Capacidades
 - * Características do aprendizaxe: estilo, competencia curricular, motivación...
 - * Prestar atención docente directa ao alumnado que por as características o requira con: clases de apoio individual, a pequenos grupos o atención ao grupo- clase.



3.3. Cos pais:

- ⌘ Favorecer a relación Familia-Centro.
- ⌘ Orientar sobre as dificultades de aprendizaxe.
- ⌘ Fomentar a participación dos pais no proceso de Ensinanza- Aprendizaxe dos seus fillos, implicándolles nas actividades de reforzo e apoio.

3.4. Cos centros adscritos: CEIP Pintor Laxeiro e CEIP Canicouva.

- Recadar información académica do alumnado que está cursando 6o de Educación Primaria e asesoralos sobre as áreas que se imparten na ESO.
- Reunión cos centros adscritos unha vez ó trimestre.
- Facilitar o tránsito dos alumnos e alumnas dos centros adscritos ao Instituto.

4. PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

- Montserrat Iglesias López: Atenderá ao alumnado de 1o e 2o da ESO con Adaptación curricular individual dentro de aula preferentemente e fóra da aula cando sexa necesario

II. PLAN DE ACCION TITORIAL

1. INTRODUCCIÓN

MARCO LEGAL XERAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

O Plan de Acción Titorial (PAT) é o marco no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías de cada curso e nivel. Inclúe as liñas de actuación que cada titor/a desenvolverá cos/cas alumnos/as e a súas familias, así como co equipo educativo adscrito a cada nivel, as cales veñen enmarcadas no Regulamento Orgánico dos IES Decreto 324/96, 26 de Xullo.

En dito Regulamento establécese, no título III quen aborda os órganos de coordinación docente, que:

- A xefatura do Departamento de Orientación desempeñará entre outras a función de: "elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), as propostas de organización da orientación e do Plan de Acción Titorial do centro.
- Cada titor participará no desenvolvemento do PAT e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos e en colaboración co Departamento de Orientación (DO).
- A CCP velará para que a elaboración dos PCE, na que se incluírá o PAT e o POAP, se realice de acordo cos criterios establecidos no claustro e deberá estar presente no proceso de desenvolvemento curricular:
 - No PE e nas programacións.
 - Nos órganos de goberno e de coordinación docente.

O director/a do centro será o responsable último de que a orientación forme parte integrante da oferta educativa e contribúa ao logro do fin último da educación: o desenvolvemento persoal do alumnado. O xefe de estudos supervisará o funcionamento e coordinación da acción titorial, así como de a distribución de espazos e tempos da mesma e a posta en marcha de plans concretos de orientación.



O Departamento de Orientación elaborará e coordinará o seu desenvolvemento. A titoría é o elemento inherente á actividade docente (dentro dun concepto integral de educación). Para axudar ao alumnado a integrar coñecementos e experiencias dos distintos campos educativos e tamén contribuirá a integrar a experiencia escolar en xeral e a vida cotiá extraescolar.

A titoría ademais actúa como subsistema da orientación, converténdose no eixe fundamental da mesma, sendo o titor o verdadeiro artífice que posibilita a Orientación educativa de todo o alumnado e de forma individualizada e integrada na aula, coa súa intervención educativa a través do Plan de Acción Titorial neste ámbitos:

- Educando para a vida
- Asesorando sobre opcións alternativas
- Educando na capacidade de toma de decisións
- Capacitando para o propio Aprendizaxe

Neste contexto legal, o Plan de Acción Titorial será o conxunto de actividades previstas para desenvolver de forma coordinada e sistemática polo profesorado dun centro en xeral e por os titores en particular, con respecto á orientación dos seus alumnos, realizada segundo os principios do Proxecto Educativo de Centro e constituíndo unha unidade perfectamente integrada no Proxecto Curricular de etapa correspondente.

2. PLANTEXAMIENTO E DESENVOLVEMENTO

Debemos ter en conta:

1º- Decisións a nivel de Centro:

- . Criterios para o nomeamento de titores
- . Tempos para a realización da acción titorial
- . Coordinación de titores
- . Coordinación do equipo docente

2º- Detección de necesidades e propostas do Departamento de Orientación

- . Recollida de necesidades
- . Formulación de prioridades
- . Plan de acción por Ciclos/ Niveis

3º- Desenvolvemento da Programación:

ÁMBITOS: Individual/ Grupal

GRUPOS DE REFERENCIA: Alumnado/ Profesorado/ Familia.

4º- Avaliación:

- . Da programación
- . Da organización
- . Do desenvolvemento



O proceso de elaboración e aplicación do Plan de Acción tutorial é de carácter:

- aberto (pero establecendo os obxectivos e actividades xerais).
- coordinado iremos concretando actividades en función das necesidades e actualizando distintos materiais.
- preventivo: ca experiencia instrumental e de medida poderemos detectar e previr necesidades.
- de desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe, de toma de decisións, de habilidades sociais...

3. OBXECTIVOS XERAIS

Tendo sempre en conta que o obxectivo primordial da educación é o desenvolvemento integral da persoa, mais aló dos coñecementos, enriquecendo as dimensións intelectual, afectiva, física, social... destacamos pois os seguintes obxectivos xerais que todo PAT debe contemplar:

- Dinamizar o Plan de Convivencia a través das titorías.
- Poñer en marcha programas preventivos ante o acoso escolar.
- Promover a mediación como forma de resolver os conflitos.
- Favorecer a integración e participación dos alumnos no centro.
- Seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumno.
- Comunicación fluída coas familias.
- Asegurar a coherencia educativa dos distintos profesores do grupo no desenvolvemento de programacións.

As actuacións contemplarán o asesoramento para actividades e programas para desenvolver no grupo- clase, na hora semanal de titorías, como individuais co alumnado que o precise.

O obxectivo pretendido é a Educación Integral e Personalizada de todos e cada un dos alumnos/as.

- Acadar o coñecemento do alumnado
 - * por parte do profesor, grupo e individuos.
 - * por parte do alumnado: autocoñecemento
- Integrar ao alumnado no seu grupo aula, no centro educativo e no entorno social, promovendo o desenvolvemento de actitudes de solidariedade e participación (Interacción grupal).
- Desenvolver habilidades e métodos de estudo que axuden ao alumnado na organización e desenvolvemento do seu traballo da maneira mais cómoda, rápida e eficaz: "aprendendo a aprender".
- Orientación Profesional, ofrecer ao alumnado toda a información acerca de: optativas, itinerarios, opcións, estudos e profesións, así como dos procesos de toma de decisións, avaliacións das mesmas e transición á vida activa para que o alumnado poida descubrir, realizar e acadar o seu propio proxecto de vida (coñecemento do seu entorno social, económico e laboral).



- Orientación personal, traballar a formación en valores: liberdade, traballo, esforzo, solidariedade, paz, xustiza, respecto e responsabilidade para alcanzar o seu propio desenvolvemento persoal e social (san e equilibrado).

4. CONTIDOS

Variarán segundo o nivel educativo:

Primeiro Ciclo 1º, 2º e 3º da ESO

- Características do novo ciclo educativo
- Autoconhecimento
- Cohesión do grupo
- Participación na elección de delegado/a
- Avaliación inicial
- Autoreflexión do proceso da aprendizaxe
- Habilidade lectoescritora
- Comprensión e expresión verbal
- Mellora da velocidade e comprensión lectora
- Motivación para o estudo
- Razoamento lóxico-numérico
- Técnicas de estudo: subliñado, esquema, resúmen
- Planificación do tempo de estudo. Hábitos de estudo
- Capacidade de resolución de problemas e situacións
- Actitude e rendemento escolar
- Adaptación persoal, familiar, social e escolar
- Adquisición de valores
- Autoconhecimento. Autoestima
- Tolerancia. Solidariedade.
- Prevención do consumo de tabaco e alcohol
- As relacións entre iguais
- Orientación: características do curso seguinte
- Avaliación da titoría

Segundo Ciclo 4º da ESO

- Autoanálise e coñecemento mutuo
- Motivación polo estudo.
- Fomento das competencias socioemocionais
- Cohesión do grupo
- Participación no goberno do centro. Elección de delegado/a.
- Técnicas de Traballo Intelectual, aprender a aprender, a pensar.
- Preavaliación e avaliación (autorreflexión sobre o proceso de Aprendizaxe).
- Coñecemento de si mesmo, das metas ás que se dirixe e dos recursos necesarios
- Toma de decisións dentro do sistema educativo (riscos, vantaxes e dificultades)
- Formación Profesional e Bacharelatos.
- Comprensión e fluidez verbal
- Adaptación ao medio familiar, social e escolar
- Educación Sexual
- Autoanálise. Desenvolvemento e crecemento persoal.



5. METODOLOXÍA

Dadas as características dos obxectivos, contidos e sentido da acción tutorial, é convinte traballar cunha metodoloxía propia de dinámica de grupos, potenciando o traballo cooperativo e do equipo, con grupos heteroxéneos. Favorecendo a participación activa e responsable do alumnado, así como das persoas implicadas no Plan de Acción Tutorial (Departamento de Orientación, Xefatura de estudos, Profesores- Titores, Familias e Alumnado).

6. TEMPORALIZACIÓN

O desenrolo do Plan de Acción tutorial levarase ao longo de todo o curso, distribuíndo os obxectivos e contidos por trimestres segundo a adecuación e conveniencia educativa e materializando nas actividades a realizar.

A concreción das actividades virá determinada por o número de sesións semanais a realizar por cada titor na hora de tutoría co subgrupo- aula, (número aproximado de 30 sesións).

7. FUNCÍONS E PROCEDEMENTOS

O Plan de Acción Tutorial proposto diríxese ao alumnado da etapa de ESO aínda que implementaremos unha serie de actividades para os Bacharelatos que será máis puntual dado que non hai hora semanal de tutoría e interveñen outros factores como a idade do alumnado, intereses e preferencias. É moi importante subliñar que é ó principio desta etapa onde se producen os cambios fisiolóxicos e psíquicos que preceden á adolescencia, os cales son coñecidos como puberdade. É por isto que o seu coñecemento será crucial para o desenvolvemento xeral do alumnado.

Para favorecer a organización e coordinación da acción tutorial o Departamento de Orientación apoiará e asesorará tecnicamente as súas funcións, procedementos e actividades. As reunións cos titores serán trimestrais e por niveis e serán presididas polo xefatura de estudos e a xefa do DO. Tamén existirá unha reunión xeral ao inicio de curso con todos os titores. Esta periodicidade é mínima e parécenos que non é a apropiada para facer un seguimento exhaustivo do alumnado. E sempre que sexa necesario a xefatura de estudos e orientadora convocarán unha reunión co titor/a e o equipo de profesores/as que impartan clase no grupo.

Pasemos agora a propoñer as funcións e procedementos que se levarán a cabo en tres ámbitos: familia, alumnado e profesorado.

7. 1. Funcións e procedementos coas familias

- ⌘ Informar as familias sobre a actividade docente que se desenvolve no centro.
- ⌘ Implicar as familias no proceso de ensino- aprendizaxe, sobre todo no ámbito da orientación e apoio á aprendizaxe.



PROCEDEMENTO:

Para que estas funcións poidan desenvolverse, será necesario levar a cabo actividades colectivas e individuais. Actividades colectivas, se establece unha reunións anual no comezo do curso, na que actuaremos conxuntamente co equipo directivo. Se lles dará información de carácter académico: obxectivos xerais de curso, materias, profesores, horarios de titorías para pais e horario de visita do Departamento de Orientación, posibilidades de colaboración das familias nas actividades do centro. Así mesmo, abordaranse nesta primeira reunión as condicións ambientais do estudo, a planificación do traballo, a importancia da motivación e o estudo diario. Así como organizar o tempo de lecer con actividades que completen a súa formación e desperten os seus hábitos saudables.

Actividade formativa: reunión cos pais de cada nivel educativo para tratar os seguintes temas:

λ 1º e 2º da ESO: características da adolescencia, utilización das redes e TICs, acoso escolar.

λ 3º e 4º da ESO: Orientación académica e profesional: Axude aos seus fillos e fillas a decidir.

Reunions individuais: a proposta do titor ou dos pais, fan referencia a necesidade de planificar entrevistas coa familia de cada alumno/a, co fin de adaptar o proceso de ensino aprendizaxe coas súas características concretas. Sería conveniente:

a) Recoller información sobre os seguintes aspectos:

- Datos socio-familiares.
- Datos médicos e de saúde.
- Relacións familia-alumno.
- Expectativas e intereses do alumno
- Conduta na casa e no seu medio.
- Trazos de personalidade, segundo a percepción dos pais.
- Actitudes e rendemento escolar do alumno.

b) Contrastar a información coa existente de cursos anteriores.

Ademais, é conveniente realizar entrevistas individuais nos casos de alumnos/as con necesidades educativas especiais, co fin de coñecer o ambiente socio-familiar para orientar e pactar actuacións de mellora nas que estean implicados pais, profesorado e alumnado. Todas as entrevistas, tanto individuais como grupais, reflectiranse por escrito para deixar constancia dos temas abordados e facilitar a coordinación do profesorado.

7. 2. Funcións có alumnado

A relación das funcións có alumnado son:

- Fomentar a convivencia no centro.
- Favorecer a inclusión do alumnado no grupo e no centro.
- Detectar os seus problemas de aprendizaxe para realizar, se é preciso, as adaptacións oportunas.
- Profundizar no coñecemento do alumno/a na súa dimensión persoal, social e educativa, co obxecto de personalizar o ensino.



- Identificar e valorar o rendemento académico en relación ás súas capacidades.
- Axudar o alumnado para que realice o seu traballo de forma autónoma e eficaz.

7. 3. Funcións co grupo- clase

Estas funcións serán as seguintes:

- Impulsar as actitudes participativas, cooperativas e de respecto mutuo.
- Resolver os conflitos que xurdan, mediante o diálogo construtivo.
- Axudar ó grupo a establecer o seus propios obxectivos, as normas que lles guiarán, a forma de participar co profesorado e o centro na organización e desenvolvemento de actividades que lle incumban.
- Instruír ao grupo en estratexias básicas da aprendizaxe.

Máis adiante detallaremos todas as actividades propostas para os distintos niveis.

7. 4. Funcións e procedementos co profesorado

A relación de funcións co profesorado é a seguinte:

- Intercambiar a información sobre os alumnos e o grupo.
- Planificar as estratexias de aprendizaxe
- Coordinar as actuacións cos alumnos de apoio e alumnos con adaptacións curriculares individuais (ACIs), mediante reunións periódicas profesor de área e profesor de pedagogía terapéutica e orientadora.
- Coordinar o proceso avaliador.
- Facilitar a toma de decisións académicas e profesionais.
- Favorecer a auto-avaliación do alumnado/a e o seu coñecemento.

PROCEDEMENTOS:

Para levar a cabo estas funcións, temos que revisar os expedientes individuais de cada un dos alumnos, planificando reunións de coordinación cos profesores do curso anterior e os profesores novos. Estas celebraranse no mes de setembro a través da avaliación inicial, unha vez que coñezan o novo grupo de alumnos. O obxectivo é identificar a interacción dentro do grupo, os alumnos con necesidades educativas especiais, así como as estratexias de aprendizaxe e posibles carencias nas áreas básicas.

Dentro da programación do Departamento de Orientación, inclúense as accións encamiñadas a coñecer as aptitudes, capacidades, intereses e rasgos de personalidade máis destacados, mediante distintas técnicas e instrumentos psicopedagóxicos como son: escalas de observación, probas psicométricas específicas (test), entrevistas individuais...

Estes datos contrastaranse co perfil de avaliación da competencia curricular que fará o profesor. Ao alumnado de 1º ESO aplicaremoslle o Test de Aptitudes Diferenciais ou BADYG, como complemento, dende unha perspectiva psicolóxica, da avaliación inicial.

É importante que os profesores de área elaboren e apliquen probas de avaliación inicial, o que axudará a unha mellor e máis pronta detección de nenos con problemas da aprendizaxe, e cubrir as súas necesidades cos apoios pertinentes.



Para identificar a inclusión dos alumnos no seu grupo aplicaremos probas sociométricas, que aplicaremos unha vez transcorridos uns meses de curso, para dar marxe a que todo o alumnado do grupo se coñeza.

A atención á diversidade é outra función do Departamento de Orientación. Pretendemos conseguir unha adecuada colaboración na realización das ACs, tanto coa aportación dos datos obtidos na avaliación da competencia curricular das áreas a adaptar así como a avaliación do entorno familiar, social e escolar do alumno/a, e o seu seguimento.

8. ACTIVIDADES

Son o conxunto de actuacións e medios imprescindibles para levar a cabo os contidos nas sesións con eficacia. Teñen de ser realistas e responder as necesidades, e de acordo cas posibilidades reais dos titores e do Centro.

Para o desenvolvemento das actividades seguiremos as seguintes fases:

1ºFASE: Definición e priorización das necesidades.

Reunións conxuntas de departamento e titores.

2º FASE: Planificación- Programación das actividades titoriais.

3º FASE: Aplicación e desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.

(Realización de Actividades: Titores, Orientadora ou Programas do Concello; Asociacións da contorna, etc)

4º FASE: Análise e avaliación do proceso seguido e control dos resultados.

- Poñer en común a actuación seguida por cada grupo.

O Plan de Acción Titorial de carácter aberto, determina o suxire as actividades máis adecuadas para ESO, deixando a criterio do titor a orde e duración das mesmas así como a incorporación doutras distintas en función das necesidades o demandas do alumnado e o seu grupo- aula.

ACTIVIDADES PARA 1º, 2ºe 3º da ESO

1ºTRIMESTRE

- Xornadas de acollida para o alumnado: percorrido polo centro.
- Xornadas de acollida para os pais/nais: charlas impartidas dirección, vicedirección, xefatura de estudos, orientación e titores.
- Ficha de datos persoais dos alumnos.
- Normas do centro.
- Dereitos e deberes do alumnado: Plan Director: Prevención do Acoso escolar
- Elección de delegado.
- Hábitos saudables:
 - “Programa Prevención do consumo de drogas” (3º ESO). Concello de Vigo.
 - Programa igualdade afectivo sexual (3º ESO-). Charlas Quérote e Nos Mesmas
- Programa de técnicas de estudo: horario e organización do estudo.



- 25 de novembro: conmemoración do Día contra a violencia de xénero
Participación programa “ENLAZA Vigo”
- Taller prevención de conductas adictivas ó xogo (1o ESO).Plan Director: Ciberseguridade
- Preparación da 1º avaliación.

2º Trimestre

- Auto- avaliación da 1a avaliación.
- Técnicas de estudo: subliñado e resumos e esquemas.
- Talleres sobre habilidades sociais.
- Taller “eliixindo o meu futuro”, a cargo da orientadora do centro (3º ESO).
- Taller “eliixindo o meu futuro”, a cargo da orientadora do centro (1º BAC)
- Hábitos saudables.
- “Programa Prevención do consumo de drogas” (2º ESO). Concello de Vigo.
- Contratos-Programa:

CONVIVE-T (ALICCE)	1º ESO: Alumnado xudante 2º ESO: Mediación
EMOCIONA-T (ALICCE)	2ºESO: Capacitación Emocional
IGUALA-T (TALENTIA)	3º ESO: Educación en Igualdade “Masculinidades Diversas”

- Preparación da 2º avaliación.

3º Trimestre

- Autoavaliación da 2a avaliación.
- Preparación 3º avaliación Autoavaliación do curso escolar e a titoría

ACTIVIDADES PARA 4º da ESO:

1º Trimestre

- Xornada de acollida para os alumnos
- Xornada de acollida para as familias, impartida polo director, xefa de estudos, orientadora e titores.
- Ficha de datos persoais dos alumnos
- Normas do centro.
- Dereitos e deberes do alumnado
- Participación: Elección de delegado
- Programa afectivo sexual, centro Querote.
- porgrama Igualdade de Xénero: Asociación Nos Mesmas
- Elección para a renovación do Consello Escolar.
- Repaso de técnicas de estudo Preparación para a 2º avaliación.
- 25 de novembro: conmemoración do Día contra a violencia de xénero Participación programa “ENLAZA Vigo” elaboración de slogans contra a escala da violencia de xénero na adolescencia”. Charlas presenciais formativas



2º e 3º Trimestre

- Auto-avaliación da 1º avaliación.
- Contrato-Programa IGUALA-T: Masculinidades Diversas (TALENTIA)
- Orientación Vocacional: Charla informativa de continuidade de estudos ao rematar 4º

“TOMA DE DECISIONS”.

- * Charla sobre optatividade en 4º de ESO e conexións coas modalidades de bacharelato e os ciclos formativos (3º de ESO).
 - * Charla sobre conexión entre ESO e as modalidades de bacharelato e ciclos (4º ESO)
 - * Charla sobre Programas de Iniciación Profesional e ESA
 - * Aplicación de test de intereses vocacionais, corrección e entrevista individual para alumnado de 3º e 4º de ESO.
 - * POAP: Plano de Orientación Académico e Profesional.
- Aplicación dunha batería de test: aptitudes, hábitos de estudo e adaptación persoal.
- * Test ORIENTA
 - * Charla informativa dirixida ás familias para axudar aos fillos na

“TOMA DE DECISIONS”.

- Preparación para a 2º avaliación e preparación para a 3º avaliación.
- Avaliación da titoría.
- Autoavaliación do curso.

9. AVALIACIÓN

Analizaremos o funcionamento e desenvolvemento do Plano de Acción Titorial e as funcións de Orientación asignadas o/a titor/a para corrixir os desaxustes observados e decidir o mantemento ou cambio de obxectivos, adecuación de actividades, estratexias de intervención e apoios recibidos, recursos, temporalización,...

Na avaliación da titoría deben participar o/a titor/a, o alumnado e a xunta de avaliación. Os indicadores que propoñemos para avaliar o funcionamento das titorías son:

- ⌘ Planificación da titoría.
- ⌘ Organización do traballo.
- ⌘ Interese e motivación do titor.
- ⌘ Atención individualizada.
- ⌘ Rendemento das reunións.
- ⌘ Relación con pais/nais/titores legais
- ⌘ Relación co alumnado
- ⌘ Relación entre iguais
- ⌘ Cumprimento das normas.

O Departamento de Orientación encargárase de propor os medios técnicos e instrumentais para levar á práctica dita avaliación que será continua permitíndonos realizar axustes e melloras utilizando as seguintes técnicas ou estratexias:



- Reunións de coordinación de titorías
- Cuestionarios dirixidos os destinatarios das intervencións (alumnos, profesores, familias)
- Cuestionarios de auto-avaliación.
- Intercambios orais.
- Contrastes de experiencias.
- Niveis de participación.

Á avaliación final adxuntarase á memoria anual do Departamento de Orientación.

10. BIBLIOGRAFÍA

Os materiais adaptados polo Departamento de Orientación son:

- GÓMEZ e cols.: Manual de TTI. Procedementos para aprender Ed. EOS, Madrid, 1991.
- GÓMEZ e cols.: Cuadernos de trabajo 1 e 2. Ed. EOS, Madrid, 1991.
- LOUZAO e PRIETO: Novas técnicas de estudio para o Ensino Secundario. Ed. XERAIS, Salamanca, 1994.
- VALLES e YUSTE: Como estudar/ 1 e 2. Ed. CEPE, Madrid, 1991.
- OCEANO GRUPO EDITORIAL: Aprender a aprender. Técnicas de estudio, Ed. Océano, Madrid, 1998.
- LOUZAO e PRIETO: Cuaderno de técnicas de estudio Ed. PLAYOR, Madrid, 1994.
- LOUZAO e PRIETO: Nuevas Técnicas de estudio para la Enseñanza Secundaria. Ed. PLAYOR, Madrid, 1995.
- CUENCA ESTEBAN, F.: Las técnicas de estudio en la Educación Secundaria. Ed. ESCUELA ESPAÑOLA. Madrid, 1994.
- JIMENEZ ORTEGA: Método práctico de técnicas de estudio, Ed. VISOR Madrid, 1994.
- NISBET J. Estrategias de aprendizaje, Ed. SANTILLANA, Madrid, 1993.
- PASTOR MALLOL, E.: La tutoría en Secundaria, Ed. CEAC. Barcelona, 1995
- LÁZARO Y ASENSI: Manual de orientación y tutoría, Ed. NARCEA, 1986.
- ALVAREZ Y SOLER: La diversidad en la práctica educativa. Modelos de orientación y tutor, Ed. CCS, Madrid, 1996.
- ARROYO, CASTELO Y PUEYO: El Departamento de Orientación Atención a la diversidad, Ed. NARCEA, MEC, Madrid, 1994.
- BRUNET GUTIERREZ Y NEGRO FAILDE: Tutoría con adolescentes 10 ed., Madrid, 1997.
- MORA, J. A.: tutorial, Ed. NARCEA, Madrid, 1997.
- GIL MARTÍNEZ, R.: Manual para tutorías y Departamento de Orientación, Ed. ESCUELA ESPAÑOLA, Madrid, 1997.
- BLANCHARD Y MUZÁS: Plan de acción tutorial en la ESO. Ed. NARCEA, MEC, Madrid, 1997.
- JIMÉNEZ, J.: Cuadernos de acción tutorial. Guía del tutor, Ed. ALFER, 1999
- CASTILLO CEBALLOS, G. Claves para entender a mi hijo adolescente. Madrid, 2003
- JARES, X.R.: Pedagogía de la convivencia, Ed. GRAO, Barcelona, 2006.



III. PLANO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

1. MARCO LEGAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

Na nosa Comunidade a orientación educativa e profesional queda regulada no Decreto 120/98 do 23 de abril, na que se defende unha orientación como actuación que se desenvolve dentro da actividade educativa é inserida no contexto económico e sociocultural no que vive o individuo, superando así a concepción de orientación como axuda externa puntual aportada polo experto.

A orientación considérase como un proceso global que integra aspectos relativos ó desenvolvemento persoal, ós procesos de ensino- aprendizaxe e a toma de decisións. Esta última debe capacitar aos estudantes para, perante as distintas alternativas, optar de forma fundamentada e responsable pola modalidade académica e profesional que máis se adapte ou conveña ós seus intereses e características.

Este Decreto complétase coa Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na nosa Comunidade.

A orientación educativa e profesional pretende lograr o maior desenvolvemento do alumnado e que lles permita ter unha imaxe completa e adecuada de si mesmos e das súas posibilidades no mundo socio-laboral. Neste curso escolar seguiremos as pautas de actuación da circular enviada ao noso centro, adaptándoas a nosa comunidade escolar.

2. XUSTIFICACIÓN CONCEPTUAL

O marco legal trae como consecuencia un cambio teórico e institucional na concepción, organización e desenvolvemento da orientación educativa. As actuacións da orientación desenvólvense dentro da actividade educativa e insertarase no contexto socio-económico-cultural no que se desenvolve o individuo.

A orientación é un proceso global e dinámico que abarca tódolos alumnos e que comeza dende a escolarización dos/as nenos/as e remata ó finalizar as ensinanzas non universitarias. Atende a toda a poboación escolar, calquera que sexa o tipo e grao de diversidade que presente.

A orientación é un proceso que integra aspectos relativos ó desenvolvemento persoal, ó proceso de ensino-aprendizaxe e á toma de decisión. Sendo prioritario a ampliación da súa intervención á comunidade na que se localiza o noso centro.

O Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP) é o instrumento que articula a orientación académica e profesional dun centro baseándose no desenvolvemento integral da personalidade humana.

Dando resposta, como dicíamos no punto anterior, á calidade do ensino. O POAP é elaborado seguindo as propostas do claustro e baixo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica. O Departamento de Orientación elaborará e contribuirá no seu desenvolvemento. O xefe de estudos é o coordinador de todo o proceso. Será aprobado polo claustro e recollido no PE e no PC e desglosando no PC de ciclo. O plan de orientación marca as prioridades que temos e está aberto as novas suxestións.



Para garantir o dereito de todo o alumnado á Orientación proporcionaremos un asesoramento vocacional xeneralizado que se impartirá maiormente nas actividades titoriais a todo o alumnado do grupo-clase. Ademais nas necesarias entrevistas individuais que o/a alumno/a precise.

3. OBXECTIVOS:

1. Acadar un maior coñecemento de si mesmos mediante a reflexión de aqueles aspectos básicos para a súa decisión vocacional.
2. Recoñecer as opcións que resultan máis adecuadas a cada un, tendo en conta as propias características persoais e as súas posibilidades.
3. Axudar o alumnado a levar a cabo a súa toma de decisións de acordo coas súas posibilidades de opcións posibles, de forma responsable, consciente e autónoma

A estrutura do programa sigue o proceso de solución de problemas, coincidindo as diversas fases o etapas cos momentos clásicos do proceso de decisión.

As actividades estarán encamiñadas o desenvolvemento da conducta e madurez vocacional, sendo importante:

- O manexo e integración da información vocacional veraz, fiable e relevante.
- A auto-avaliación das posibilidades inmediatas e futuras nos referentes vocacionais elixidos.
- O establecemento de plans persoais e pautas de acción.
- A toma de decisións.

4. FASES DO PROGRAMA

a) O AUTOCONHECIMENTO: AUTOEVALUACIÓN ¿Como son eu?

O coñecemento de si mesmo debe ser a primeira fase de calquera programa de orientación vocacional e máis aínda no caso do alumnado da ESO, sendo esta a primeira vez que se enfrontan a unha toma de decisións.

Aspectos a abordar:

- Capacidades, habilidades e destrezas
- Capacidades xerais
- Capacidades específicas
- Destrezas diferenciais
- Motivación
- Áreas preferentes
- Motivación de logro
- Preferencias e intereses:
- Intereses vocacionais dominantes
- Nivel de realismo dos seus intereses
- Personalidade:
- Adaptación a realidade persoal, familiar e social
- Conductas máis destacadas
- Valores e actitudes
- Auto-concepto e autoestima.



Esta avaliación será flexible, sen categorizar, ni con clasificacións pechadas, sino que será resultado dunha reflexión que o/a alumno/a fai de si mesmo/a nun proceso continuo.

A secuencia de actividades de auto-avaliación e coñecemento de si mesmo/a debe iniciarse ó comezo da ESO e ir adquirindo maior relevancia a partir de 3º curso da ESO

b) O COÑECEMENTO DAS OPCIÓNS ¿Onde estou?

Esta segunda fase está pechada no coñecemento das opcións entre as que ha de decidir o/a alumno/a, polo contido, información e actividades deseñadas para o seu análise e estudio, serán diferentes segundo o nivel educativo no que se atopen.

Deberemos eliminar os prexuízos sociais, sexistas... clarificando as alternativas, facilitando a información máis inmediata e ligada a súas necesidades.

3º da ESO (elección só de optativas)

- * Obxectivos e metodoloxía das optativas
- * Relación cos estudos anteriores
- * Relación cas profesións
- * Dificultades principais

Algunhas actividades que podemos realizar no 1º ciclo son:

- . Charlas informativas do titor, profesor da optativa, u orientadora.
- . Lectura das materias das áreas.
- . Mesas redondas co estudantes que xa as cursaran.

4º da ESO (escoller entre Ciclos Formativos de Grao Medio, Bacharelato, outros estudos o incorporación ao mundo laboral). A finalización da ESO conduce necesariamente o alumnado, a decidir, entre as opcións antes citadas, sendo unha das grandes decisións que unha persoa ten que tomar e que terá unha importante e forte repercusión no seu futuro profesional.

A información pode incluír:

- Mundo laboral: contratación e inserción laboral, técnicas de búsqueda de emprego
- Posibilidades de traballo no entorno
- Estratexias de busca de emprego
- Habilidades sociais e competencias para o emprendemento sociolaboral
- Ciclos formativos; acceso e admisión, oferta, modalidades, etc
- Bacharelato: Estructura actual; duración, titulación e saídas; itinerarios para a universidade ou Ciclos Formativo; opcións universitarias ás que dan acceso

A gran cantidade de información deste programa irá repartida nas actividades do Plan de Acción Titorial de 3º e 4º da ESO. A información das distintas opcións ao finalizar a etapa deberemos facela extensiva ás familias ou titores legais do alumnado, mediante carta, entrevista persoal o reunión de grupo.

c) TOMA DE DECISIÓNS ¿Onde vou? Vou elixir...

Baseada no adestramento do alumnado no proceso de decisión.

1- Decidir que optativas, cun dobre valor: como actividade práctica e experiencia básica (sen grandes riscos) de toma de decisións autónomas. Sería bo non coller a opción hasta ter completadas as fases anteriores do programa (auto-coñecemento e coñecemento de opcións o posibilidades).



2- Decidir que opción, cuestión bastante complexa e transcendente. Podemos dispoñer dos seguintes materiais de axuda:

- * Orienta 2022-23
- * Preferencias Profesionais (Carlos Yuste)
- * Cuestionario de exploración inicial (Manuel Álvarez)
- * Inventario persoal (Holland)
- * Cuestionario de Intereses Profesionais (J.L. Fdez. Seara y F. Andrade).

5. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

Os obxectivos específicos encóntranse en relación con cada ámbito de actuación:

Titores/ as:

- Analizar o conxunto de necesidades reais dos titores para desempeñar a súa labor orientadora.
- Colaborar e asesorar aos titores sobre este tema.
- Apoiar con instrumentos e recursos metodolóxicos a orientación educativa.
- Ofrecer o soporte técnico necesario para a realización do POAP.
- Participar nas sesións de avaliación.

Alumnado:

- Análise e avaliación inicial das competencias curriculares, estilo de aprendizaxe, actitudes, intereses, motivación e trazos de personalidade
- Coñecer o seu rendemento académico.
- Informar sobre os distintos itinerarios educativos: as optativas de 3º e 4º de ESO, dos Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior, as distintas modalidades do Bacharelato, a Formación Profesional Básica e a ESA.
- Ofrecer información sobre a proba de acceso á Universidade e as titulacións que ofrece a nosa Comunidade Galega.
- Dar a coñecer as saídas profesionais no seu entorno e a súa demanda.
- Ensinar a tomar decisións de acordo coas súas características e posibilidade e independentemente do seu sexo.
- Iniciarlles nas técnicas de busca de emprego.
- Atender individualmente ao alumnado que o precisen ou demanden.
- Proporcionar unha orientación axustada ás súas posibilidades.

Familias:

- Darlles a coñecer o Plan de Orientación Académico e Profesional.
- Coñecer as súas expectativas respecto ó futuro escolar e profesional dos seus fillos/as.
- Informar sobre os itinerarios educativos e saídas profesionais.

6. ACTIVIDADES

ACTIVIDADES PARA 1º DE ESO

Charlas informativas sobre a nova etapa que o alumnado comeza neste curso escolar. Información sobre as posibilidades educativas que ofrece o sistema educativo.



ACTIVIDADES PARA SEGUNDO DE ESO

Charlas informativas sobre as características de 3º e 4º de ESO. A optatividade nos cursos posteriores. Os programas como a Formación Profesional Básica.

ACTIVIDADES PARA TERCEIRO DE ESO

Información sobre as materias obrigatorias de 4o de ESO (segundo trimestre). Información sobre o espazo de optativas en 4o de ESO e conexión cos Bacharelatos e os ciclos formativos (segundo trimestre).

ACTIVIDADES PARA CUARTO DE ESO

Aplicación de probas de razoamento, hábitos de estudo e personalidade.

Charlas informativas sobre as saídas educativas ao rematar esta etapa.

Información sobre as modalidades do Bacharelato.

Información sobre os Ciclos Formativos:

Ciclos Formativos de Grao Medio

Formación Profesional Básica

Conexión cos estudos universitarios.

Becas e axudas ao estudo.

O título que se obtén e posibilidades profesionais que ofrece o entorno.

Información sobre a importancia de acadar o título de Graduado en ESO.

Técnicas de busca de emprego.

ACTIVIDADES PARA BACHARELATOS

Nos Bacharelatos atenderanse a todo o alumnado e ás familias que demanden información sobre estudos posteriores. Poderán organizarse charlas este ano serán online de seguir coa situación sanitaria de pandemia, debido ó Covid-19, Charla a cargo da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUGA) e charlas impartidas por diferentes universidades galegas públicas, dirixido a 2o de BACH, e baixo a supervisión da vicedirectora.

Tamén se impartirá si as condicións no lo permiten Taller “elixindo o meu futuro”, a cargo da orientadora do centro. 1oBACH

En xeral, se traballarán cambiando basicamente a información e o tipo de elección que o alumnado ten que realizar e relacionadas co: Inserción o Mundo Laboral:

Posibilidades de traballo no entorno

Estratexias de busca de Emprego

Contratación e inserción laboral

Habilidades sociais imprescindibles

Ciclos Formativos de Grao Superior e Grao Medio

- Condicións de acceso

- Localización dos centros onde se imparten

- Duración, titulación e saídas

- Posibilidades de ingreso na universidade



Estudios universitarios

- Probas de acceso
- Estrutura das carreiras
- Itinerarios
- Modalidades, opcións e optativas

ACTIVIDADES PARA ESA

Ademais das mesmas que para 3o e 4o, impartiranse actividades individuais o de grupo para a inserción do mundo laboral, como son:

- ⌘ Utilización das técnicas de busca de información sobre o emprego.
- ⌘ A elaboración do currículo, cartas de presentación e solicitude de traballo.
- ⌘ Coñecemento e utilización das técnicas de preparación dunha entrevista de traballo.
- ⌘ Dominio das estratexias de presentación e marketing da propia imaxe.
- ⌘ Coñecemento dos factores verbais da comunicación.
- ⌘ Outras que poida demandar o alumnado.

Desde o departamento de Orientación entendemos que a orientación é un proceso necesario o longo de toda a vida, así que tamén atendemos ao antigo alumnado que poida acudir ao instituto.

7. AVALIACIÓN

Os indicadores a ter en conta nesta avaliación son:

- Éxito e rendemento efectivo do plan, medido co grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Contextualizado no centro e o entorno.
- Incardinado no currículo ordinario.
- Adecuación dos recursos humanos e materiais aplicados.
- Validez das estratexias de elaboración.
- Adecuación de tempos e espazos.
- Grao de implicación dos titores no desenvolvemento do plan.
- Grao de satisfacción dos participantes.

A avaliación do programa realizarase de forma continua, especialmente no que se refire á adecuación das actividades que se levan a cabo, mediante a:

- Valoración do alumnado ao rematar cada actividade.
- Valoración das actividades por parte dos titores coa orientadora nas sesións de coordinación que se celebren; e outra avaliación final do propio programa realizada por alumnos/as profesor/a e orientadora que servirá como retroalimentación do programa e a súa finalidade é efectuar as modificacións necesarias nos vindeiros cursos.

8. BIBLIOGRAFÍA

- "Accións de Orientación Profesional. Técnicas de Autobúsqueda de emprego ", Ed. CEOU. Fondo Formación.
- ARROYO A. y cols.: "El Departamento de Orientación: atención a la diversidad ". Ed. Narcea /MEC, Madrid,1994.



- ÁLVAREZ Y SOLER: "La diversidad en la práctica educativa. Modelos de orientación y tutoría". Ed. CCS, Madrid, 1996.
- ÁLVAREZ y cols.: "La orientación vocacional a través del currículum y de la tutoría. Una propuesta para la etapa de 12 a 16 años", Ed. Graó, Barcelona, 1991.
- SOBRADO FERNÁNDEZ: "Intervención psicopedagógica y orientación educativa", Ed. EUB, Barcelona, 1996.
- VICTOR ÁLVAREZ ROJO: ¡Tengo que decidirme! Ed. Alfar Sevilla, 1977.
- RIART I VENDRELL: "Elegir una profesión", Ed. EUB, Barcelona, 1997.
- "Guía do sistema universitario de Galicia", Xunta de Galicia, 2011.
- Carlos de la Fuente Gómez "Mi primer empleo". Ed. Planeta.

A Xefatura do Departamento de Orientación

En Vigo, a 30 de setembro de 2022



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
SANTA IRENE

986 233 799 / 986 231 162
ies.santairene@edu.xunta.gal
Praza de América, 7
36211-VIGO